



## TULIPEIRO DE VIRXINIA

*Liriodendron tulipifera*

SABÍAS QUE...? As caixas dos puros son desta madeira.

Pertence á familia das magnoliáceas e que procede do Leste de América do Norte, do sur de Ontario ao leste de Illinois, atravesando o sur de Nova Inglaterra e o sur e centro de Florida e de Luisiana. É o representante americano das dúas especies do xénero Liriodendron.

**Nome común:** Liriodendron tulipifera, Tulipero de Virginia, Árbol de las tulipas (cast.); O tulipeiro de Virxinia (gal.); Tulip tree, American tulip tree, Tulipwood, Tulip poplar, Whitewood (ing.).

### Etimoloxía:

- Liriodendron: provén de lirio e dendron = árbore, aludindo á forma das flores que produce
- tulipifera: significa produtor de tulipas

**Descripción da especie:** Árbore caducifolia, duns 20-25 m, de porte recto e copa piramidal e frondosa de cor verde escura que torna amarela no outono. Follas sinxelas, alternas, lobuladas, co ápice truncado, o que a fai moi característica e inconfundible. Feixe de cor verde brillante e más pálido no envés. Pecíolo de 5-10 cm de lonxitude. Flores terminais solitarias grandes, en forma de tulipa, con sáibaos o de cor branca ou amarela verdosa e os pétalos de igual cor, cunha franxa alaranxada na base. Estames numerosos, sen sobresaír aos pétalos. Os exemplares novos non adoitan florecer. Froito formado pola fusión de numerosas sámaras (infrutescencia), con forma de cono. Cada froitiño cun par de sementes, a maioría das veces non fertiles. Frutifica no outono.